



escolas nas ondas!

- DÍA MUNDIAL DA RADIO - 2018

..... / **radio & sports** /

PONTE...NAS ONDAS! convidávos a que vos sumedes á celebración do **DÍA MUNDIAL DA RADIO** que se vai celebrar o **13 de febreiro**. O portal "**ESCOLAS NAS ONDAS!**", o primeiro espazo para difundir e espallar os podcasts e os programas das escolas galegas e portuguesas e de todo o ámbito da lusofonía acollerá as producións que se envíen.

«———— PARTICIPACIÓN —————»

- Enviando os programas ou podcasts que desexen ao enderezo web@escolasnasondas.com. Se os tedes en calquera plataforma (Ivoox, Soundcloud, etc.) podedes mandarnos o enlace para que nós os incorporemos.
- Se queredes empregar tamén a imaxe, subide o vídeo e mandádenos o enlace do lugar onde estea aloxado. Hai unha canle de vídeo para os traballos das escolas.
- Tamén podes mandar unha mensaxe de audio a través de Whats App relacionada coa radio e o deporte. Mensaxes ao número: 603.896.495

21 febreiro

..... XORNADA ESCOLAR EN DIRECTO

Escolas galegas e portuguesas realizaremos programas en directo o día

————— **21 de febreiro** —————

..... O día **13** estaremos celebrando o entroido.

Se queres participar comunícanos cal vai ser a intervención do voso centro.

☎ info: ondas@pontenasondas.org

..... Propostas para facer co alumnado

Reportaxe sobre os deportes que se practican no teu centro. | Entrevistas ou reportaxes de deportistas do teu centro. | Xogos tradicionais (no centro, no concello, na comarca). Entrevistas, reportaxes, normas de xogo, etc.) | Recolle opinións de deportistas sobre a súa experiencia coa radio. Dille que é para o Día Mundial da Radio. | Recolle colaboracións de xornalistas deportivos. | Fai a túa retransmisión deportiva. | E todo o que se ocorra contar sobre os deportes e a radio. | Cal foi a noticia deportiva máis importante que escoitaches pola radio? Cón tao! | Cal sería a noticia deportiva que che gustaría retransmitir pola radio? Faino! Podes facer varios personaxes coa túa voz! | Es capaz de imitar a un deportista coñecido? Faino! | Todo o que queiras contar co binomio RADIO + DEPORTE.

PNO!
PONTE...NAS ONDAS!



DÍA
MUNDIAL
DA
RADIO
13.2.2018